

CARBALLO. A aprobación do orzamento municipal para 2022 foi o tema central, e o que máis deu que falar, do último pleno do ano en Carballo. Pero despois de algo máis dunha hora de debate, a Corporación deu o visto bo ao proxecto económico, que acadou os 27.860.737,25 euros e que foi defendido pola concelleira de Facenda, Belén Lendoiro, e polo alcalde, Evencio Ferrero. O voto a favor do BNG e a abstención

Carballo xa ten orzamento para o ano: 27,8 millóns

do PSOE foron máis que suficientes para sacalo adiante, malia os posicionamentos en contra tanto de TeGa como do PP. Este último grupo contou con só tres representantes no salón de sesións debido á ausencia de Paula Nogueira, que foi substituída no labor de portavoz por Rubén Lorenzo. Os seguintes acordos foron máis rápi-

dos. O cadro de persoal do Concello de Carballo para o vindeiro exercicio foi aprobado por unanimidade, mentres que na proposta de modificación da RPT (Relación de Postos de Traballo) votou en contra Terra Galega. Por unanimidade saíron adiante tamén os dous puntos seguintes: a prórroga do convenio coa Administra-

ción Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a convocatoria e o desenvolvemento dos procesos selectivos de persoal para a Policía Local e a solicitude de compatibilidade presentada por unha profesora do Conservatorio Profesional de Música (CMUS). Outra das propostas máis relevantes abordadas pola Corporación foi o

contrato do servizo de axuda no fogar para os vindeiros catro anos, que permitirá cubrir fins de semana, festivos, permisos e as horas ordinarias nas que resulta insuficiente o equipo de persoal propio, integrado por 13 persoas. O orzamento supera os 8 millóns de euros, e precisamente é esa cifra tan alta a que obrigou a realizar

a aprobación en pleno. Os tres grupos da oposición abstivéronse. No que respecta ás expropiacións previstas para ceder a Augas de Galicia os terreos necesarios para acometer a realización dun by-pass no río Anllóns, na zona do Muíño do Quinto, tal como está previsto no plan de actuacións para evitar o risco de inundacións, todos os grupos manifestáronse a favor, agás TeGa, que se abstivo. B. A

Un libro recolle as propostas dos máis mozos // O proxecto quere estimular unha actitude crítica entre os nenos para que comecen o seu desenvolvemento como cidadanía activa **TEXTO Pedro Bao**

Os rapaces carballese desenhán 'A vila do mañá'



Portada do libro 'A vila do mañá' que recolle as propostas dos máis mozos para deseñar o Carballo do futuro.

Os gobernos progresistas do país instaláron, dentro das súas posibilidades, a participación dos veciños e veciñas na elaboración tanto dos orzamentos como da actividade municipal. En moitos casos faise de xeito asambleario, en outros vía telefónica ou por correo electrónico e aínda hai algún outro xeito que pode chegar a ser toda unha sorpresa. Pero hai outros xeitos de chamar pola participación cidadá.

Ben o saben en Carballo, onde van máis alá e buscan a mirada limpa dos máis mozos do concello para construír o futuro da vila ou a vila do futuro, para ir máis alá no deseño da capital de Bergantiños.

Nos procesos de participación pública que se impulsan dende o Concello de Carballo tamén teñen cabida os nenos e as nenas. Por iso se recorre a eles para que tamén contribúan a deseñar *A vila do mañá*, e ese é, precisamente, o título do libro que recolle as súas propostas, e que xa está á disposición de quenes desexen lelo ou consultalo na Biblioteca Rego da Balsa.

Por alí poden pasar para recollelo as familias dos nenos e nenas que participaron nos obradoiros realizados nos anos 2018 e 2020, pero tamén calquera outra persoa interesada, ata fin de existencias.

A vila do mañá é un proxecto da arquitecta Sandra González Álvarez no que colaboran o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Escola Técnica Superior de Arquitectura, a Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego, Post Arquitectos e o Concello de Carballo, coa intención de estimular unha actitude crítica entre os nenos para que comecen o seu desenvolvemento como cidadanía activa, xa que eles e elas serán os responsables de construír o Carballo do futuro.

O obxectivo dos obradoiros, dirixidos a nenos de 5 a 12 anos de ida-

A arquitecta Sandra González busca que a infancia se implique na transformación da vila

Tómase Carballo como un taboleiro da oca con elementos que configuran a identidade do municipio

de, foi incluír á infancia nos procesos de construción do espazo común, partindo da cidade como unha ferramenta educadora sobre a cal a cidadanía ten dereito ao seu disfrute e á súa transformación.

Como se recolle no propio libro, o proxecto parte de tomar a vila de Carballo como un taboleiro do xogo da oca, conformado por aqueles elementos arquitectónicos, urbanísticos, paisaxísticos, artísticos e culturais que configuran a súa identidade. Algún deses elementos están debuxados nas primeiras páxinas da publicación para que a rapazada se encargue de darlles cor.

De seguido faise un repaso explicativo, a través de texto e imaxes, das actividades desenvolvidas nos obradoiros celebrados do 16 ao 20 de xullo de 2018 e do 21 de decembro de 2020 ao 8 de xaneiro deste ano, este último cun formato moito máis virtual condicionado pola covid.

A última parte do libro é unha reflexión da súa autora, a arquitecta Sandra González Álvarez, sobre a evolución de Carballo nos últimos tempos. "Penso que o traballo que se está facendo desde o Concello de Carballo, facendo renacer a vila pensando nos seus cidadáns, pon ó municipio na vangarda das vilas galegas, e para min, por conseguinte, na vangarda do urbanismo. Creo que Carballo é a vila do mañá", conclúe a impulsora deste proxecto.

SABIN
ABOGADOS

AVDA. DE FERROL, 7-4º A
Santiago de Compostela

981 572 053
981 563 109

sabinabogados@sabinabogados.es

www.sabinabogados.es

Lorenzo
Abogados

CIVIL | PENAL | LABORAL
ADMINISTRATIVO
MERCANTIL | BANCARIO

Tfno. 981 594 702
General Pardiñas, 20 - 3º
Santiago de Compostela
www.lorenzoabogados.com

PARKING
FRAGA

• Céntrico
• Económico
• Cómodo

Alfredo Brañas, 10 • Santiago • T. 981 593 435

SE ALQUILA

Bajo comercial con entreplanta
y sótano, en pleno centro de
Santiago, entrada desde
el exterior en calle
República del Salvador

M. 609 88 22 83

Recepción dos Reis Magos no Concello de Carnota o día cinco

Carnota. Por responsabilidade e seguindo as últimas recomendacións preventivas da covid, o Concello de Carnota vén de comunicar a suspensión da Cabalgata de Reis e a festa infantil que se ía celebrar no pavillón. Pero os pequenos e pequenas non van quedar sen entregarlles as cartas ás súas Maxestades de Oriente, "xa que estarán con nós un par de horas na casa consistorial", sinala-

ron fontes municipais. Será o vindeiro día 5 de 17.00 a 19.00 horas.

"Pedimos sentidiño para que a actividade se desenvolva de maneira responsable e de acordo coas medidas preventivas vixentes. Apélase á responsabilidade individual no cumprimento das mesmas, como son mantemento das distancias, a utilización da máscara e a desinfección de mans", indicaron. M. C.